



A CORUÑA-SANTIAGO Avda. de Coimbra 15, local. 15895 ST / tfno-fax: 981580700

LUGO Rúa Bolaño Ribadeneira, 20-2ºB. 27001 / tfno-fax: 982240066

OURENSE Rúa S. Domingo, 60; gal. Xesta-entrechán, 1. 32005 / tfno-fax: 988252323

PONTEVEDRA Praza de Curros Enríquez, nº 1, of. 201, 36202 / tfno-fax: 986857545

VIGO Rúa Doutor Cadaval, nº 33, 2º C, 36202 / tfno.-fax: 986228658

CENTOS DE ALUMNOS E ALUMNAS ESTÁN A VERSE AFECTADOS E AFECTADAS POR UNHA DECISIÓN POLÍTICA DA CONSELLERÍA DESTINADA A REDUCIR O GASTO PÚBLICO EN MATERIA EDUCATIVA

Dende o STEG denunciámos a paralización do nomeamento do persoal substituto que debería cubrir as vacantes por enfermidade ou por outros motivos que se solicitan dende os centros educativos á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, quen, por norma xeral, cobre de inmediato para garantir o bo funcionamento e a calidade do ensino público, pois do contrario, o alumnado, que son centos de alumnas e alumnos de diferentes materias en toda Galiza, estaría atendido por profesorado de garda, pero non avanzaría materia.

No STEG temos coñecemento de que nestes momentos hai 30 vacantes sen cubrir, 15 de primaria e outras 15 en secundaria, de diferentes materias; así mesmo, pois as vacantes son públicas, temos coñecemento de que algunhas delas van ser vacantes de longa duración, pois algunhas delas son de máis de un mes. Así mesmo, no STEG sabemos que dende o pasado mércores 17 de marzo de 2010 a Administración pública deixou de chamar a persoal substituto para cubrir esas vacantes nos centros educativos públicos.

No STEG imaxinámonos as razóns: a Consellería aforra o salario que debería satisfacer ao profesorado substituto (30 en total), durante aproximadamente 20 días de traballo (os comprendidos entre o 10-15 de marzo e o 5 de abril), unha cantidade irrisoria que supón un grave prexuízo para o ensino público en xeral e para o alumnado afectado e para o profesorado substituto en particular. Neste sentido, os grandes prexudicados son: primeiro, o alumnado, centos de alumnos e alumnas que perden calidade de ensino ao ver cuberta a baixa do profesorado por persoal de garda durante, cando menos dúas semanas, sen ver materia de estudo; segundo, o profesorado substituto, que se ve privado de realizar unha substitución, tan necesaria nestes tempos de crise (lembremos que o persoal substituto só cobra os días que traballa).

Dende o STEG denunciámos esa situación, que se evita nos centros concertados, e reclamamos que sexan cubertas de inmediato esas vacantes, pois consideramos que do contrario o ensino público perde calidade. Tamén consideramos que neste momento de crise, a función do Estado é garantir o acceso das persoas máis azoutadas pola precariedade á función pública, polo que non entendemos esta parálise neste momento.

Secretariado Nacional do STEG
22 de marzo de 2010